



Guión

*O divino ferrete*

# I

## Secuencia **Aeroporto**

### **ESC 1: INT | Aeroporto | Día**

**[LORENA, RAPAZ, NARRADOR (OFF), FIGURANTES]**

*Ábrense as portas da sala de chegadas do aeroporto. Lorena entra turrando dunha maleta. Leva unha saia e unha camiseta.*

NARRADOR           *(OFF)* Lorena naceu en Bos Aires, e acaba de chegar a Galicia, desta vez para quedar. Ten moitas angueiras por diante: buscar un lugar onde vivir, atopar un traballo, reunirse con vellas amigas e con familiares aos que hai moitos anos que non ve, e até facer de dama de honra dunha voda. Pero sobre todo coñecer xente. Porque Lorena sabe que cando se chega a un novo sitio non é fácil coñecer xente... a non ser que saibas usar ben o móbil.

*Lorena párase no medio da terminal e fedella no móbil. Altera o bluetooth e renomea o seu móbil: «Acabada de chegar, necesito que me dean unha boa benvida».*

NARRADOR           *(OFF)* A Lorena ligar co bluetooth funciónalle na Arxentina. Pero, e en Galicia?, trebellará?

*Lorena recibe unha mensaxe: «Eu daríache a benvida que mereces». Mira ao seu redor. «Si, pero onde estás?», responde.*

NARRADOR           *(OFF)* Pero quen lla dará?

*Lorena mira para un señor maior, case ancián, que a esculca con ollos larpeiros. Repara despois nunha señora que tamén mira para ela e que lle sorri. «A ver se dás comigo», víbralle no móbil. Lorena mira para dous mozos novos, de vinte anos, que se están bicando nunha columna e que ollan para ela como convidándoa a algo.*

NARRADOR           *(OFF)*    Quen fará por Lorena máis ca todas as campañas turísticas de Turgalicia?

*Lorena repara nun rapaz, que se achega mentres olla ora para ela, ora para o móbil. O rapaz sorri e encamiñase cara ao baño. Lorena vaille detrás. Entra o rapaz no baño de homes e Lorena vai tras del, pero dubida na porta.*

NARRADOR           *(OFF)*    Lorena, hai días que paga a pena trabucarse.

## **ESC 2: INT | Baño do aeroporto | Día**

**[LORENA, RAPAZ]**

*Lorena entra no baño. Ve a porta dunha das cabinas dos homes arrimarse. Deixa a maleta no chan, apoiada contra a parede. Aí vai Lorena. Cando abre a porta bate co rapaz, de pé, e fíxase no seu pantalón.*

LORENA                Non nos descubrirán aquí?

RAPAZ                 Se falamos baixiño non.

LORENA                E todo iso é pirola?

RAPAZ                    Podes comprobalo ti mesma.

LORENA                    *(desabotóalle o pantalón e sácalle a pirola para fóra)* Arré. A ver como sabe.

*Lorena comeza a zugarlla. O rapaz aproveita para irlle tocando as tetas por riba da camiseta. Renxen de pracer.*

LORENA                    *(besbellando)* Son uns baños algo pequenos.

RAPAZ                    Déixame a min.

*Están incómodos, pois as dimensións son reducidas. O rapaz sobe ao váter para que lle quede mellor á altura. Seguen así un anaco, Lorena a zugala e o rapaz a conducirlle a cabeza cara á pirola.*

LORENA                    *(separándose)* Creo que eu necesito algo de axuda tamén. Anda, baixa.

RAPAZ                    Chsss, fala baixiño *(baixa do váter)*.

*Lorena ri. O rapaz ri tamén. Mándanse calar mutuamente.*

RAPAZ                    Chsss!

LORENA                    Chsss! *(máis risos)* É difícil virar neste baño con esa pirola. Tiñan que facelos máis grandes. *(Lorena sobre ao váter, baixa as bragas até os nocellos, levanta as saias e ofrécelle a parrocha ao rapaz para que lla lamba).*

RAPAZ                    Voucha poñer a punto de neve.

*Lorena e mais o rapaz descoñecido renxen de pracer. O rapaz trebella a eito.*

LORENA                    *(besbellando)* Creo que me estou mareando do ben que o fas. Axúdasme a baixar?

*O rapaz cóllea das mans para baixala. Cando Lorena se dá de conta, xa ten o rapaz fozando por tras, coas mans del termándolle dos peitos, e coa saia levantada.*

LORENA                    Que fas?

RAPAZ                    Darche a benvida que mereces!

*O rapaz pínzalla por tras e coas mans acaríñalle os peitos. Botan así uns bos minutos, Lorena coas mans apoiadas na parede do baño.*

LORENA                    Non creo que poida seguir calada moito máis.

*Lorena córrese. O rapaz tápalle a boca. Sepáranse e Lorena senta no váter. O rapaz agárralle a cabeza por detrás, arrímalla á pirola e bótalle o leite nas meixelas.*

RAPAZ                    E vas estar moitos máis días en Galicia?

LORENA                    Depende de como me tratedes os galegos.

RAPAZ                    Pero se ti es tamén galega!

LORENA                    Chsss!

RAPAZ                    Chsss!

## II

### Secuencia Igrexa

#### ESC 1: EXT | Adro da igrexa | Día

[CREGO, GLORIA, PIPI]

*Ao lonxe, contra un dos laterais da igrexa, achégase unha parella acenando coas mans, simulando unha conversa. Chiar de paxaros, murmurio de vento e dobrar de campás, que fai imposible escoitalles a conversa. Na porta da igrexa, recíbeos un sacerdote católico. O crego solta a corda da campá e os tres, ao tempo que apertan as mans, intercambian saúdos.*

GLORIA e PIPI    Ola, boas tardes.

CREGO            Boas tardes.

GLORIA           Mándanos o padre Mariano, polo da última charla prematrimonial. Falamos antonte por teléfono, Padre.

CREGO           Ah!, si, acompañádeme, por favor, tedes que cubrir unha ficha que vos falta (*vira e entra na igrexa; a parella ségueo*). Non é máis ca unha formalidade.

#### ESC 2: INT | Corredor da igrexa | Día

[CREGO, GLORIA, PIPI]

*O crego, Gloria e Pipi camiñan devagar ao longo do corredor, cara*

ao altar. [♪ Soa un fragmento instrumental dunha obra clásica, por exemplo, '*Lascia Ch'io Pianga*', de Händel ♪]

### ESC 3: INT | Sancristía | Día

[CREGO, GLORIA, PIPI]

Cuarto de paredes brancas e decoración sobria, apenas un par de mobles de madeira escura, un escritorio con caixóns e tres cadeiras. Penduradas da parede, unha fotografía de Joseph Ratzinger e mais unha cruz cristiá. Sobre a mesa hai papeis e imaxinaria relixiosa. Cabo dela, un colgadoiro de pé que terma dun atavío litúrxico. O crego abre a porta e accede á estancia.

CREGO                    Pasade, pasade (*sinálalles as cadeiras coa man e indícalles que senten*), por favor.

GLORIA e PIPI        Grazas, Padre.

*O crego senta nun extremo da mesa, fronte da parella. O talante de Gloria, de aspecto e maneiras pudorosas, contrarresta en todo momento co de Pipi, desenfadado.*

CREGO                    Ben, e logo, como vai todo? Estadés nerviosos co da voda?

PIPI                     Ela si, Padre, ela está algo nerviosa. Eu xa lle digo que non se preocupe, que todo vai saír ben, va que si?

CREGO                    (*dirixíndose a ela*) Que si, tranquila muller. Esta última charla comigo que tivo a ben



suxerirvos o padre Mariano, ademais dunha preparación espiritual de cara ao matrimonio, axuda a que vaiades máis seguros e relaxados o día do casoiro. Hai moito que vos coñecedes?

GLORIA Si, Padre, vai xa para tres anos. E até o momento non houbo conflitos entre nós (*sorri tímida e mira con complicidade para Pipi*).

PIPI Muller, algunha discusión desas típicas entre namorados si que tivemos (*Pipi chíscalle un ollo e devólvelle o sorriso a Gloria*).

CREGO Iso é algo normal. A vida matrimonial é fermosa pero difícil. En diante, debedes confiar o voso amor a Deus. El será a forza que vos axudará a vencer os contratempos.

*Comeza a soar o móbil, insistentemente, no bolso de Gloria. Búscalo. Atópalo. Na pantalla indica «Lorena. Chamada entrante». É a súa amiga e dama de honra, que xa aterrou no aeroporto. Entrementres, o crego aproveita para buscar algo. Abre e fecha con alboroto os caixóns do escritorio. Non o dá atopado e suxírelle a Gloria que colla o teléfono.*

CREGO Colle o teléfono, fala tranquila, non te preocupes, vou buscar as fichas parroquiais. Debín deixalas no coche. Non tardo nada, cinco ou dez minutos. Desculpádeme.

*O crego marcha e fecha a porta. Gloria descolga e fala.*

GLORIA Ola, Lorena. Xa aterraches?

*Contesta Lorena.*

GLORIA           Que tal a viaxe?

*Gloria escoita e asente coa cabeza. Logo duns segundos, Pipi aproveita para lle chantar unha man libidinosa riba das coxas.*

GLORIA           Á tarde teño que ir a Compostela recoller o vestido, acompañasme?

*Gloria olla para Pipi e retíralle a man, que ía camiño de estimularlle a entreperna.*

GLORIA           Vale, chámote entón máis tarde. Bicos.

*Pipi insiste. Gloria colga o teléfono e gárdao no bolso, ao tempo que bate no anverso da man del e recrimina a súa arroutada.*

GLORIA           Que fas?! Dixemos que até o día da voda nada, cariño, xa pouco che queda... Non se che ocorra poñerme as mans enriba, que vai vir o crego!

*Pipi persiste. Póusalle as mans nos cadrís.*

PIPI              Veña, non sexas toxo, dáme un bico, amor, que máis dá, veña, que este lugar me dá morbo (*ri*).

GLORIA           Morbo unha igrexa?! Prometíchesme que nada de sexo prematrimonial! Se cho sabe mamá dálle un infarto.

PIPI              E como diaños vai chegar a oídos da túa nai? (*retira durante un intre as mans para laiarse*), tanta carne e eu en coresma! (*o ardor xenital*

*lévao a recuncar, e ataca) Veña, só un biquiño, nena, só un.*

GLORIA                    *Que non, cariño, non sexas pesado (volve retirar as mans cefalópodas de Pipi) Veña, non insistas. Es un vicioso!*

*Pipi fai caso omiso da súa petición. Bícaa para que cale. Gloria desembarázase del e segue a falar, coa respiración entrecortada.*

GLORIA                    *Perdóao Señor, a súa carne é débil (Pipi non se rende, lámbelle o pescozo) vai vir o crego, amor!*

PIPI                        *Non, shhh, acouga, aínda ha tardar. Verás canto che ha gustar este vicio meu.*

*As mans de Pipi conquistan, áxiles, os peitos de Gloria. Unha delas rabuña por baixo do sostén.*

GLORIA                    *Isto é pecado (aínda facéndose de rogar). Para quietiño, por favor (claudica, desacougada). O crego... vai vir...*

PIPI                        *Shhh, cala a boca, que estou ansioso por bendicir este corpo incorrupto que Deus che deu.*

*Gloria, por fin, consente o xogo sexual. Sométese, submisa, aos desexos de Pipi, que a fai sentar ás carranchapernas riba del. Comezan os preliminares ao coito. Ispen o torso, sen présas. Acarícianse. Pipi lambe os peitos e petisca as mamilas de Gloria. Gloria abanea riba de Pipi, crava as unllas nas súas costas, mórdelle un ombreiro. As refregas, os acaloramentos e a suor*

aumentan gradualmente. Pipi agarra con brusquidade o cabelo dela. Subxúgaa. Afúndelle a cabeza na entreperna del. Axeonllada, Gloria desbota o seu bafo morno contra a bragueta. Cando sente o pene erecto, abre a cremalleira. Aférrase ao pene, lámbeo. Pipi continúa a amarrala forte polo cabelo, dirixe con astucia os movementos da felación -lento, rápido, lento...-. [♪ Música 'L'Eraclito amoroso', lamento de Barbara Strozzi, cantada e reescrita en galego, cun argumento erótico ♪] Logo duns minutos, é Gloria quen toma as rendas; cambia de postura. De costas a Pipi, debrúzase sobre o escritorio. Pipi levántalle a saia e báixalle as bragas. Penétraa por detrás. Primeiro sexo vaxinal, despois anal. Gloria, próxima a un orgasmo, colle un rosario que está riba da mesa, comeza a pasar as doas e, tatexando coa excitación, xeme e reza.

GLORIA                    Reméxema ben. Si, Pipi. Por favor! (mete un par de doas na boca) Ábreme a lata, cabrón. Ogh. Ai, meu Deus, non deixes que me perda. Pérdome. Rózame a braña. Animal. Non. Si. Non. Máis. Brea.

O crego regresa. Permanece, durante uns segundos, paralizado detrás da porta entornada. Observa e escoita, absorto. Deseguido fecha a porta, en silencio e con picardía. Gloria xeme.

GLORIA                    Ah! Oh! Um! Si! Non pares, cariño! Se hei de ir ao inferno, ao menos ir desflorada! Ah! Um! Oh! Fódeme, amor!

Pipi senta a Gloria riba do escritorio. Retiran coas mans papelame e demais utensilios, que caen ao chan facendo ruído. Continúan fodendo nesa posición, enfrontados, até que Pipi se corre enriba de Gloria. Nese momento, Gloria xunta as palmas das mans.

GLORIA                   Perdón, Señor (*Pipi, indiferente, segue a  
derramar o seme riba do ventre de Gloria*). Unha  
non é de pedra.

*Pipi olla para Gloria. Gloria olla para o Cristo pendurado na  
paredo.*

GLORIA                   Amén.

PIPI                      Amén. E sobe as bragas, que anda por aí o  
crego.

### III

#### Secuencia Inmobiliaria e apartamento

##### Esc 1: INT | Oficina inmobiliaria | Día

[LORENA, HORACIO, TRABALLADORA INMOBILIARIA, CLIENTES (FIGURANTES)]

*Un plano da cidade pendurado da parede. Lorena está a falar coa traballadora da inmobiliaria en presenza de Horacio, un rapaz con aspecto antisistema (pano palestino atado ao pescozo), sentado xunto con outros clientes que agardan a súa quenda.*

LORENA                    Un pouco caro, non?

*A traballadora busca algo no ordenador.*

TRABALLADORA        Por catrocentos euros temos un apartamento en Vista Alegre. Cociña independente, salón, dormitorio e baño. Todo exterior.

LORENA                    Por ese prezo non hai nada do centro?

TRABALLADORA        Agora mesmo non. Para a semana coido que entrará algún.

LORENA                    Aínda vou ter que compartir piso outra vez. Coma nos tempos de estudante.

TRABALLADORA        Sempre é unha opción.

LORENA                    Eu xa non me vexo, sinceramente.

TRABALLADORA      Pois eu vivía soa até o mes de xaneiro. Agora comparto apartamento cunha masaxista que coñecín en clases de *body pump* e levámonos estupendamente. Moi, moi ben.

*A traballadora e Lorena intercambian miradas insinuantes. Horacio, até ese momento lendo un exemplar de Interviú, non perde detalle.*

LORENA              Que sorte. Eu ultimamente teño moitas contracturas.

TRABALLADORA      Tes aspecto de deportista. Seguro que é por facer moito exercicio.

*Lorena fai un xesto entre a dor e o pracer.*

LORENA              Demasiado. Pola mañá, pola tarde e pola noite.

TRABALLADORA      Ti soa?

LORENA              Ás veces. Exercítome con todo tipo de aparatos.

TRABALLADORA      Eu prefiro traballar o corpo en grupo. Sempre é máis emocionante.

LORENA              Eu tamén, pero ultimamente fíxenme moi esixente.

TRABALLADORA      Se tiveses unha boa masaxista, coma a miña, cambiarías de opinión. Deberías coñecela.

LORENA              E ti que farías, mentres tanto?

TRABALLADORA      Mirar. Estou por facer un curso de masaxe

Shiatsu, unha técnica oriental antiquísima.

LORENA            Ah, si? Que interesante.

*Horacio clarexa a gorxa estrondosamente, coa intención de que as dúas mulleres se decatén de que están a perder o tempo mentres os clientes agardan a súa quenda. A traballadora é a primeira en se dar de conta.*

TRABALLADORA    *(a Lorena, polo baixo)* Que pesados.

*Lorena encolle os ombros.*

LORENA            Dásme as chaves do piso da Praza Roxa, entón?

*A traballadora busca as chaves nun caixón.*

TRABALLADORA    Toma. Penso que che vai gustar.

*Lorena colle as chaves.*

LORENA            Grazas. Estarei de volta nunha hora.

*Lorena dispónse a saír. Cruza miradas con Horacio, que xa se ergueu cara ao mostrador da oficina.*

TRABALLADORA    *(a Lorena)* Espera, espera.

*Lorena xírase cara ao mostrador.*

TRABALLADORA    Tes que deixarme un documento. É por seguridade.

LORENA            Ah, claro. Perdoa. É que son moi despistada.



*Lorena saca o seu documento de identidade e entrégallo á traballadora.*

LORENA                   Toma.

*A traballadora colle o documento. Olla para o nome sen disimulo.*

TRABALLADORA       (le) «Lorena Pernas Cienfuegos». Que nome máis... bonito.

*Horacio cruza os brazos con xesto impaciente.*

HORACIO               Pois mira ti que ben.

*Lorena nin mira a Horacio.*

LORENA               (á traballadora) Adeus.

*Lorena sae. Horacio perséguea cos ollos antes de achegarse outra vez ao mostrador. A traballadora, ao velo, fai un xesto de desagrado.*

TRABALLADORA       Ti outra vez por aquí?

HORACIO               E logo por que non? Está reservado o dereito de admisión?

TRABALLADORA       Xa che dixen onte que non teño nada para ti.

HORACIO               Estásme segregando por razóns de clase.

TRABALLADORA       Polo prezo que buscas non che alugarán nin un pendello.

HORACIO                    Mira, nena, a min non me veñas con...

TRABALLADORA            (*córtao*) Espera, espera. De «nena», nada.  
Chámome Virtudes. Virtudes Follente Vergara.

*Horacio colle aire. Momento de tensión.*

HORACIO                    Está ben, Virtudes. Só estou buscando un  
apartamento de aluguer. É a cuarta vez que veño  
por aquí esta semana, e teño dereito a que me  
ensines algo que se axuste á miña precaria  
economía.

TRABALLADORA            Proba nunha casa okupa.

HORACIO                    Quero vivir só, entendes? Só. Facerlle fronte  
ao capital co meu soldo de telefonista.

TRABALLADORA            Os prezos que me pides son de estudantes. De  
momento non teño nada. A partir de xullo, cando  
empezan as vacacións, é posible que haxa algo  
que se axuste á túa marxinalidade.

HORACIO                    O piso da Praza Roxa que foi ver a anterior  
rapaza tiña boa pinta.

TRABALLADORA            Pois agora non vai poder ser.

HORACIO                    Por que non?

TRABALLADORA            Porque o foi ver ela. Ti es parvo ou que che  
pasa?

*Un dos clientes clarexa a gorxa estrondosamente, coa intención de que Horacio e a traballadora se decaten de que están a perder o tempo mentres o resto de xente agarda a súa quenda. A traballadora é a primeira en se dar de conta.*

TRABALLADORA      *(a Horacio, polo baixo)* Que pesados.

HORACIO            *(tamén polo baixo)* Fascistas.

*A traballadora teclea algo no ordenador e volve mirar a Horacio.*

TRABALLADORA      O único que podes facer é agardar. Síntoo.

HORACIO            Agardar?

*A traballadora mira o reloxo.*

TRABALLADORA      Dentro dunha hora, a rapaza estará de volta. Se non lle gusta o piso, levas ti as chaves e bótaslle un ollo.

HORACIO            *(para si)* Merda...

TRABALLADORA      Pero que che pasa agora? Vai tomar un café, les un fanzine e volves.

HORACIO            Agora non podo. Dentro dunha hora teño obradoiro de cociña vexetariana. E pola tarde, curso de capoeira.

TRABALLADORA      *(para si)* Que paciencia.

*A traballadora teclea algo no ordenador. Horacio fica inmóbil, sen saber que facer.*

TRABALLADORA      O seguinte!

*Horacio segue sen reaccionar. Un cliente ten que apartalo para colocarse diante do mostrador. Horacio mira o reloxo. Unha, dúas veces. Finalmente, sae correndo.*

**ESC 2: EXT | Rúa | Día**

**[LORENA, HORACIO, PEÓNS (FIGURANTES)]**

*Lorena camiña decididamente pola rúa. Por detrás aparece Horacio, que se achega correndo, xa case sen folgos.*

HORACIO              Cienfuegos! Cienfuegos!

*Lorena xírase, estrañada. Horacio detense, aínda coa respiración entrecortada. Lorena mírao de arriba a abaixo.*

HORACIO              Perdoa. Lorena. Si, creo que eras Lorena.

LORENA                Coñecémonos de algo?

HORACIO              Acabamos de coincidir na inmobiliaria. Eu son Horacio, e ti es a rapaza das contracturas.

*Lorena continúa a miralo de arriba a abaixo.*

LORENA                *(algo amolada)* Que queres?

*Lorena segue camiñando. Horacio vai detrás.*

HORACIO              Verás. Pensei que ese piso que queres ver...  
Pois... que se non che importa...

LORENA                   Que se non me importa, que?

HORACIO                 Que lle botemos un ollo xuntos.

*Lorena detense. Fai un xesto de estrañeza. Horacio fala moi seguro de si.*

HORACIO                 Si, muller. Mellor catro ollos que dous. Ademais, unha rapaza soa coma ti, entrando nunca casa baleira... Non sei... Pode ser perigoso.

LORENA                   Pero quen es ti? Un garda xurado en paro?

*Lorena dispense a seguir camiñando. Horacio impídello colléndoa con forza dun brazo. Lorena fai un xesto de dor e leva a man ás cervicais.*

LORENA                   Ai!

HORACIO                 Que pasa?

LORENA                   As cervicais.

HORACIO                 E iso onde é?

*Lorena sinala as cervicais.*

LORENA                   Aquí.

*Lorena segue doéndose. Horacio, sen pensalo dúas veces, empeza a darlle unha breve masaxe cunha soa man. Lorena fai un xesto de pracer.*

LORENA                   Ai, si. Que ben.

*Horacio sorrí. Agora, coas dúas.*

LORENA                   Que marabilla. Mmmmm. Pero, que me fas?

HORACIO                 *(inventa)* Eh... Masaxe tailandesa. Vou a un curso os sábados pola mañá.

LORENA                   Canto masaxista solto polo mundo... E eu sen sabelo.

HORACIO                 A culpa de todo tena o capital. Incomunica os traballadores até converternos en máquinas.

*Lorena segue facendo xestos de pracer mentres Horacio continúa coa súa masaxe máxica. Pasan algúns peóns que miran descaradamente a escena, algo atónitos.*

LORENA                   Pois ti es unha máquina perfecta.

HORACIO                 *(para si)* Se eu che contase.

LORENA                   Entón queres que vexamos o piso xuntos.

HORACIO                 Si. Creo que pode ser unha boa idea. Levo semanas buscando, e se a ti non che interesa, pois...

*Lorena fai un último xesto de pracer.*

LORENA                   Paréceme unha idea excelente.

**ESC 3: INT | Piso-salón | Día**

**[LORENA, HORACIO, TRABALLADORA (OFF)]**

*Apoiados contra a parede, Horacio apalpa os peitos de Lorena.*

TRABALLADORA (OFF) Vaiche encantar, Lorena. Salón comedor moi amplo e luminoso...

**ESC 4: INT | Piso-cociña | Día**

**[LORENA, HORACIO, TRABALLADORA (OFF)]**

*Lorena tirada sobre a mesa da cociña mentres Horacio introduce a cabeza entre as súas pernas.*

TRABALLADORA (OFF) Cociña amoblada. Vitrocerámica, lavalouza, lavadora na terraza...

**ESC 5: INT | Piso-dormitorio | Día**

**[LORENA, HORACIO]**

*Horacio, totalmente espido pero co palestino atado ao pescozo, observa unha pintura pendurada da parede. Lorena anícase, disposta a practicarlle unha felación.*

HORACIO E dormitorio co típico cadro representando unha paisaxe bucólica. Que marabilla.

*Empeza a secuencia sexual.*

**ESC 6: EXT | Inmobiliaria | Día**

**[Lorena]**

*Lorena sae da inmobiliaria falando por teléfono.*

LORENA                    Non. Non me gustou moito (...) Terei que seguir buscando máis pisos (...) Si, algo máis grande e que estea mellor de prezo (...) Gloria! Gloria! (...) Ah, é que pensei que se cortara. Teño pouca cobertura (...) Que si, que quedamos como queiras. Onde é a tenda?



## IV

Secuencia **Tenda de vestidos de noiva**

**ESC 1: INT | Cabo do probador | Día**

**[LORENA, GLORIA]**

*Lorena agarda ao pé do probador. Fala con Gloria, que está dentro.*

LORENA            Pois o tipo este de Lugo co que quedei esta tarde no caneiro de Piago, ten o seu aquel. Non ten mala pinta. O que vin del, claro (*ri*) porque é ben misterioso. Sempre que chateamos ten a cámara web apuntando ao mesmo sitio. Adiviña cal.

GLORIA            Cocho el e cocha ti, que llo admites.

LORENA            De cocho nada, guapa. É naturista e anda sempre en porrancho pola casa adiante; iso si, «aquilo» a pouco non ocupa a pantalla toda, podo asegurarche que ten un...

GLORIA            Virxe santísima! Cala a boca. Non me contes máis. Non quero sabelo. Olla que son unha muller decente, que vou casar o sábado.

LORENA            Como non acabes de poñer o vestido xa, non casas nin o sábado nin dentro dun mes. Fáltache moito, rula?

GLORIA            Espera que axuste o veo. Xa está. Veña, entra.

**ESC 2: INT | Probador | Día**

**[LORENA, GLORIA]**

*O probador é un espazo amplo de abondo para probar o traxe de noiva e para se mover nel. As cortinas están botadas. Hai un espello grande pendurado da parede, e tamén un banco tapizado. Música ambiental, vulgar e relambida, con moito violín de circunstancias. Gloria obsérvase no espello. Proba un vestido clásico pero moi escotado, cun veo ben longo que non lle acae. Lorena despecha a cortina e entra no probador.*

GLORIA                   Que tal estou?

LORENA                   Preciosa. Pero ese veo...

GLORIA                   Que lle tes ao veo?

LORENA                   É algo excesivo.

GLORIA                   *(coqueta, diante do espello) O veo é símbolo de pureza (Colócase de perfil. Admira a traseira do vestido, co longo veo caéndolle lombo abaixo).*

*Lorena sorrí con picardía. Sitúase detrás de Gloria. Ambas as dúas fronte do espello. Lorena pousa as mans nos cadrís de Gloria. Aloumiña por riba da tea.*

LORENA                   Pureza? E non pararás con esas lérias?!

GLORIA                   Non che son lérias. Pipi sabe cales son os meus principios. Enténdeme e respéctame. É un home

decente.

*Lorena fai un aceno de burla.*

LORENA                   Xa. Cantas veces ao día dis que o facedes?

GLORIA                   *(bourea, encabuxada)* Cala, por Deus! Imaxina que desgusto levaría a miña nai. *(sinalando as costas)* Desabróchamo, anda *[O vestido debe ter corchetes, cremalleiras ou lazos]*.

*Lorena desabrocha o vestido, que esvara até cubrir os pés de Gloria. Gloria leva posto un tanga branco, ligas, medias e zapatos brancos de taco alto. Sempre diante do espello, Gloria trata, sen éxito, de quitar o colar de perlas, que lle tropeza co veo.*

GLORIA                   Axúdasme co colar?

LORENA                   Para que? Así estás perfecta. Pero a axuda si que cha presto, si.

*Lorena aperta a Gloria polas costas, ponlle as mans nos peitos e acarícialle as mamilas. Despois aparta o veo para lle poder bicar o ombreiro e mais a caluga.*

GLORIA                   *(suspirando)* Umm. Tes as mans quentes *(pousa as mans por riba das de Lorena; apalpan a dúo os seus peitos)*.

LORENA                   *(baixando unha das mans cara ao sexo de Gloria e metendo a man por baixo do tanga)* E ti a parrochiña alegre. Va que si, rula? *(bicos na caluga de Gloria)* Segues a lembrarte da virxe e todos os teus santiños cando te vas?

GLORIA                    Toleaches, Lorena. Ti non estás ben.

LORENA                    Veña, Gloria. Moitas alegrías nos demos aquel verán...

GLORIA                    *(xemendo)* Non sei de que alegrías me falas  
*(Gloria abanéase ao compás da man de Lorena).*

*Gloria deixase facer. Lorena mastúrbaa cunha man, e coa outra prémelle suavemente nunha mamila; as mans bulen até o van e a nádega, respectivamente. Lorena desfai o nó -un simple fío- do tanga.*

LORENA                    Ai, que mala memoria me tes. Seica precisas de quen cho lembre.

*Lorena senta a Gloria no banco. Axeonllada, quítalle o tanga xa sen o nó; faino ao xeito para evitar que lle roce cos tacos dos zapatos. Por riba das medias, Lorena bica as coxas de Gloria, e ascende devagar até lle comer a boca. Detense aos poucos segundos, fítaa, sorri, e ábrelle as pernas cun movemento brusco. Só entón descende para lle lamber o sexo. Gloria bota o veo por riba das dúas [un veo translúcido].*

GLORIA                    Sobe unha miguiña. Ei, aí, aí. Non tan forte, santiña, suave, si? Un pouco máis rápido. Máis, máis. Aí, si, aí, xusto aí, meu anxo. Aí, non pares agora. Non, Lorena, por Deus bendito. Ai, miña Virxe do Carmio! Ai, miña Virxe do Rosario! Ai, miña Virxe da Barca! Ai, miña Virxe queridiña dos Ollos Grandes!

*A lambida delóngase e tal fan tamén as mencións ás Virxes. Gloria*

*acaba cun fabuloso orgasmo. Lorena colle aire e comeza a se espir.*

LORENA                   *(chiscando un ollo) Que tal se probou eu o  
vestido e me devolves ti a alegría?*

## V

### **Secuencia Caneiro do Piago**

#### **ESC 1: EXT | Adro da igrexa | Día**

**[CREGO]**

*O crego sae ás alancadas polo portón da igrexa. Vai dereito ao auto [Seat Panda, Fiat Punto ou Ford Fiesta]. Olla en derredor. Está só, ninguén á espreita. Arrampla co colo clerical. Abre o maleteiro, ateigado de cousas. Colle un crucifixo enredado nun rosario, bótao ao chan. Colle un exemplar de La Voz, tamén ao chan. Agarra unha camisola charramangueira (para mal) e pona. Abura a recoller do chan o crucifixo, o rosario enredado e mais o exemplar de La Voz. Arrebólaos contra o fondo do maleteiro. Senta ao volante, mete as chaves, pon un casete e arranca dirección Lugo. Música dura. Písalle de medo.*

CREGO                      Cago no glorio. A cona que! Mira que quedar durmido, carallo. Como me escape! *(dálle volume á música. Canta, ao compás das reverberacións)*  
Chuf Chuf Paf. Chuf Chuf Paf. *(semi-rally)*

#### **ESC 2: INT | Estación de autobuses de Compostela | Día**

**[LORENA, VIAXEIROS (FIGURANTES)]**

*Lorena, apoiada na bici [unha bici pregable], agarda a chegada do coche de liña. Ten unha cámara de man. Por matar o tempo, preme no botón «GRAVAR», e grava.*

LORENA                      *(mirando á cámara)* E será curriño? Mal vai a

cousa se topo cun faroleiro deses que moito no CouchSurfing [/'kausur'fim/] e logo nadiña, coas pernas tremelicando (*fai bailar as pernas, enfócao coa cámara*), sen articular palabra. Zip (pasa unha cremalleira imaxinaria pola boca). Buah, este mundo está feito para os aburridos, que non! (*pensa uns segundos*) Se me sae pasmón marcho coma quen non quere..., (*sobresaltada*) pero na foto tiña a traza toda dun fandanguero; dáme a min que este vai ser pillabán, pillabán. E que fago se aínda por riba é curriño?! Concho, se ten a cabeza no seu sitio, daquela engánchoo toda a tarde (sorri e chisca un ollo). Vai quedar derreado (*morde un beizo, sensualmente*). Pero que non pretenda repetir. Ando sen tempo. Imposible. (*morde as unllas, non nerviosa, pero case*) Para o sábado teño a voda, está o do piso, a cousa esta do... como se chamaba? Ei, por fin! Será? (*chega o bus, enfócao coa cámara*) Si, si. Lugo, aí o pon, e ben grande ademais. A ver coa bici como fago. Pois nada, sigo despois.

*Lorena mete a bici no compartimento das maletas, onde case é o único que hai. Sobe, senta cabo da fiestra. O bus, ao pouco, arranca en dirección Lugo.*

### **ESC 3: EXT | N-540 | Día**

**[CREGO]**

*O crego dálle gas, pon ollos de lince, aperta os maxilares e agarra o volante con firmeza. Xoga a vida en cada curva.*

**ESC 4: EXT | Estación de autobuses de Lugo | Día**

**[LORENA]**

*Lorena baixa do bus, colle a bici, desprégaa, coloca a mochila ao lombo, e enfila cara ao caneiro do Piago. Vai feliz. Melena ao vento, sorriso de orella a orella.*

**ESC 5: EXT | Caneiro do Piago | Día**

**[LORENA, CREGO]**

*Lorena chega ao lugar da cita. Arrima a bici contra dun castiñeiro. Camiña ao xeito pola rochas. Senta nunha, quita a mochila, estende a toalla e íspese. Olla en derredor. Déitase. Apalpa con discreción os peitos. Despois traballa o clítoris. A rutina repítese: peitos, clítoris; clítoris, peitos. A outra rutina tamén: olla en derredor e apalpa, apalpa e ollar en derredor. Derrape dun coche.*

LORENA (sobresaltada) Concho!

*Estrondo dunha porta ao pechar. O crego baixa polo vieiro até o río Miño. Detense ao chegar ao caneiro. Ergue un brazo e saúda.*

CREGO (desenfadado) Ei, que foi? Adiantáchesteme.

LORENA Moi rápido viñas.

CREGO (achegándose onda Lorena) Probaba as rodas.

LORENA Si, home, si. Probabas.

CREGO (despois de quitar a camisola e botando man ao



*calzado) Non mo cres? Ai, eu na condución non me ando con bromas. Éche cousa seria. Eu ao xeito sempre, sen excepción.*

*Lorena cambia a posición; déitase de costas.*

LORENA                    Estou esperando pola masaxe que me prometeras.

CREGO                     E eu polo teu nome real.

LORENA                    E logo non che vale o alcume da internet?

CREGO                     *(espido de todo)* Depende.

LORENA                    A masaxe, meu rei, a masaxe. Non te me perdas.

CREGO                     *(agarra o pene e con el golpea unha nádega de Lorena)* Váleche con isto?

LORENA                    Uf, xa me tardabas *(vira e volve deitarse coa barriga á raxeira)*. Achégate.

*Lorena chucha con frenesí o pene do crego.*

LORENA                    *(detense e agarra o pene coa man)* Cambiemos de rocha, que aínda nos han ver.

CREGO                     Que nos vexan.

LORENA                    Ai si? Moi ben: fódeme. E que sexa un rapidiño, é o que me reina, viches?

*O crego e Lorena botan un ferrete curto pero do máis versátil.*

CREGO                   Aí che vou.

LORENA                 Na miña boca, axiña. Vén. Que veñas.

*O crego córrese na boca de Lorena. Lorena trágao e sorrí.*

LORENA                 *(érguese, recolle a toalla e a bolsa coa muda)*  
De nada, e abur *(Vai buscar a bici)*.

CREGO                   Marchas?

LORENA                 Marcho, si, que teño que marchar.

# VI

## Secuencia VODA

### ESC 1: EXT | Adro da igrexa | Día

[CONVIDADOS, PARELLA DE NOIVOS, CREGO, NARRADOR (OFF)]

*Negror, que vai cedendo moi devagar mentres fala o narrador.*

NARRADOR           (OFF) En fin, amigos. Toca apandar co que hai. Xa imaxinaredes que a voda foi un éxito rotundo. A mamá de Gloria estaba foncha que daba xenio vela. E o papá igual. E as amizades da parella tiñan unhas ganas de troula que non era normal. Non menos tiña o crego, quen ao pouco non perde o fío do discurso por mirar para as pernas de Lorena, a liberada e segura Lorena Pernas Cienfuegos, que se cebou co arroz, e con máis cousas.

*Gloria e Pipi saen polo portón da igrexa. Fóra agardan os convidados.*

TODOS               Vivan os noivos! Vivan!

*Toneladas de arroz contra a parella.*

Este gui3n foi elaborado de maneira coordinada durante os meses de agosto e setembro de 2010 por Diego Ameixeiras, Xabier Cid, Begoña Paz, Alejandro Tobar e Iolanda Zúñiga.

<http://odivinoferrete.com>  
[contacto@odivinoferrete.com](mailto:contacto@odivinoferrete.com)